



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNION

DIRECCIÓN - COMITE (23/06/11)

Nesta reunión tratáronse os temas seguintes:

Plan de Baixas Voluntarias.- A Dirección, formaliza a apertura do período de consultas para a elaboración dun Plan de Baixas, baixo un Expediente de Regulación de Emprego, previsto levar a cabo entre Xullo 2011 e Xullo 2013, no cal poderían acceder ó redor de 150 traballadores/as con limitacións de carácter funcional ou profesional e idades comprendidas entre os 58 e os 61 anos.

Neste punto a C.I.G., manifestou que, imos estudar a memoria explicativa entregada pola Dirección, xa que, non debemos esquecer, que estamos *pendentes da aprobación da nova Lexislación sobre as Pensións*. Quedamos emprazados para os vindeiros días 29/06 e 4/07.

Empregabilidade.- Por parte da Dirección, fixo unha exposición da "guía" de traballo prevista poñer en marcha. No Documento contéplanse accións que, dende a C.I.G., levamos anos solicitando como son, *non restrinxir as solucións de adaptación a un Módulo ou Taller; que non prime a produción sobre o limitado/a; que non se degraden os postos asignados, etc.*

Sendo conscientes da necesidade de levar a cabo medidas que veñan a potenciar a *adaptación dos postos ás persoas*, non podemos obviar que nesta nova fórmula, que afecta directamente sobre os traballadores/as, é imprescindible a participación en todo este proceso, ademais dos Departamentos e o propio Servizo de Prevención se conte, tamén, de forma activa coa Representación dos Traballadores/as.

Para a C.I.G., se realmente estamos pensando na mellora das condicións para este colectivo, así como o futuro dos traballadores/as, temos que comezar por realizar unha foto real da situación na que nos atopamos, é dicir, un Mapa de Riscos da Planta, para poder asignar postos adaptados a traballadores/as. O que requirirá dous compromisos, *por unha banda que non sigan desaparecendo postos que na actualidade están sendo ocupados por estas persoas, e por outra proceder a identificación daqueles que veñen sendo ocupados por persoal sen limitacións.*

Por último a C.I.G. sinalou, que nesta presentación, non se faga referencia as outras patoloxías non recoñecidas como son as de carácter psicosocial, das que moitas delas teñen a súa orixe no sistema de traballo, funcións repetitivas,.. .excesivas cargas, ... traballo a quendas,.. .autonomía restrinxida (cadeas...), etc.

Varios.- Neste apartado, unha vez confirmado pola Dirección a parada do Sistema II para este Luns 27 na Quenda de Mañá, a C.I.G., tendo en conta que sempre está afectando ós mesmos traballadores/as, solicitamos se nos facilite maior información onde se concreten as causas motivadoras co maior número de datos.

Tamén preguntamos á Dirección, ¿por qué, a día de hoxe, hai traballadores/as que non percibiron o cobro do día de ERE do pasado 31 de Marzo?. A Dirección contesta que o INEM ten previsto ingresar dito cobro para o 10 de Xullo. Dende a C.I.G. entendemos que a Dirección ademais de non ter cuberto o 100%, deba garantir en tempo o cobro destas prestacións.

CONFEDERACIÓN INTERSIDICAL GALEGA